

Política de calidade da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS)

A política de calidade recolle a misión, a visión e os valores do centro, así como os obxectivos estratéxicos establecidos no seu plan estratéxico.

A política de calidade debe ser redactada pola Comisión de Calidade da EDIUS e asumida pola Dirección, para o cal será asinada e daráselle a difusión establecida no proceso de información pública. Figurará como Anexo ao Manual de Calidade e de forma visible nas canles de comunicación establecidas no proceso de información pública.

Sempre que se aprobe un novo plan estratéxico deberá revisarse a política para incluír a misión, visión e valores establecidos no novo PE. Cando hai cambios no equipo de dirección dos centros, o novo equipo debe subscribir a nova política e darlle difusión a través da páxina web.

Para os centros que están en proceso de elaboración do seu plan estratéxico, recóllese unha declaración xenérica que deberá ser adaptada á misión, visión e valores de cada centro antes de proceder á súa sinatura e difusión, de acordo co proceso de información pública.

Modelo de compromiso de calidade

A EDIUS da USC é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratéxico) a EDIUS elabora a súa política marcando como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A EDIUS quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación para os seus estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garantan as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que renda contas do investimento e optimización dos seus recursos.

A EDIUS dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese e co fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición; sempre dentro do estrito cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo.

Por todo iso, a EDIUS adquire o firme compromiso de garantir a calidade nesta e establece a súa política baixo estes principios:

- **Responsabilidade:** proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.
- **Integración, participación e igualdade:** esta facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da EDIUS a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- **Orientación ao alumnado:** esta Escola garante no seu programa formativo a orientación ao alumno entendendo que é o principal receptor deste.
- **Excelencia:** o traballo desta EDIUS realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais Escolas e Facultades recoñecidas.
- **Transparencia:** a EDIUS basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

A dirección desta EDIUS adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal o/a Decano/a o Director/a subscribe este documento de política de calidade o día 10 de xaneiro de 2019

Asinado: Pablo Taboada Antelo

Director da EDIUS